



Resolución do 07 de marzo de 2019 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se convocan varios cursos de certificado de especialidade de Formación Básica en Seguridade Marítima na Aula de Seguridade e Salvamento da Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol. Acción formativa financiada nun 75% polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) na medida 1.6.1. no marco do Programa Operativo para España do FEMP 2014-2020

Consideracións legais

- Os Reais decretos 4189/1982, do 29 de decembro, 1283/1987 do 2 de outubro, 1378/1997 do 29 de agosto e 1749/1999 do 19 de novembro, ao abeiro das normas constitucionais, estatutarias e legais correspondentes, que traspasa á Comunidade Autónoma de Galicia, funcións e servizos da Administración do Estado en materia de ensinanzas profesionais náutico-pesqueiras
- Orde FOM/2296/2002, do 4 de setembro, polo que se regulan os programas de formación dos títulos profesionais de mariñeiros de ponte e de máquinas da Mariña Mercante e de patrón portuario, así como os certificados de especialidade acreditativos da competencia profesional
- Resolución do 18 de xuño de 2013 da Dirección Xeral da Mariña Mercante, pola que se actualizan e modifican os cursos de formación e os seus programas, recollidos na Orde FOM/2296/2002, do 4 de setembro
- O Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, indica que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro terá ao seu cargo a ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de ensino e titulacións náutico-pesqueiras, modificado polo Decreto 39/2018, do 5 de abril
- Regulamento (UE) núm. 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello de 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derogan os Regulamentos (CE) núm. 2328/2003, (CE) núm. 861/2006, (CE) núm. 1198/2006 e (CE) núm. 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) núm. 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello

Esta dirección xeral ao abeiro das súas competencias RESOLVE,

Convocar 4 cursos de certificado de especialidade de Formación Básica en Seguridade Marítima, coas seguintes condicións:

Primeira. Os cursos se realizan na aula de seguridade e salvamento da Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol nas datas que a continuación se indican e a súa duración non será inferior a 70 horas lectivas

Cursos	Data de inicio	Data de remate
Certificado de especialidade de Formación Básica en seguridade Marítima	15/04/2019	03/05/2019
	20/05/2019	03/06/2019
	17/06/2019	01/07/2019
	15/07/2019	29/07/2019





Segunda. A documentación que deberá presentarse para asistir os cursos é a seguinte:

- Solicitud Anexo I
- Fotocopia compulsada do NIF
- Curso de mariñeiro/a pescador/a ou calquera outro documento que acredite a súa ligazón coa pesca. As parellas de feito e os/as cónxuxes dos/as pescadores/as autónomos deberán demostrar esta condición segundo a normativa vixente.

O prazo de matrícula empezará o día seguinte a publicación desta resolución no portal web da Consellería do Mar <http://mar.xunta.gal> e rematará unha semana antes do inicio de cada curso.

A relación de admitidos/as os cursos será a establecida en función da data de rexistro da matrícula.

A persoas interesadas poderán adiantar, unha copia da solicitude presentada e rexistrada, ao correo electrónico ensino.mar@xunta.es

Terceira. No suposto de que o número de persoas admitidas para realizar os cursos indicados na táboa sexa inferior ao número de prazas convocadas, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro reserva para si o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións dos cursos, caso en que empregará os medios de notificación ás persoas interesadas previstos na normativa vixente. Tamén poderá modificar as datas dos cursos, así como resolver todas as continxencias que poidan xurdir.

Cuarta. As persoas deberán asistir con regularidade as clases e non superar nun 10% a cota de faltas da carga lectiva.

Quinta. Os cursos poderán ser inspeccionados e supervisados por persoal funcionario da Consellería do Mar.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a consellería do Mar, no prazo dun mes, desde a notificación da presente resolución, segundo se dispón nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo





ANEXO I

MATRÍCULA CURSO CERTIFICADO DE ESPECIALIDADE DE FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDADE MARÍTIMA	SOLICITUDE:
--	--------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	NIF

ENDEREZO	CONCELLO	PROVINCIA

CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO

EXPÓN:
Que reúne os requisitos para realizar o curso de certificado de especialidade de formación básica en seguridade marítima o que acredita achegando a seguinte documentación:

- FOTOCOPIA COMPULSADA DO NIF
- CURSO DE MARIÑEIRO/A PESCADOR/A OU CALQUERA OUTRO DOCUMENTO QUE ACREDITE A SÚA LIGAZÓN COA PECA. AS PARELLAS DE FEITO E OS/AS CÓNXUXES DOS/AS PESCADORES/AS AUTÓNOMOS DEBERÁN DEMOSTRAR ESTA CONDICIÓNS SEGUNDO A NORMATIVA VIXENTE

SOLICITA:
A matrícula no dito curso, así como o exame final de avaliación, co fin de obter o certificado de aptitude correspondente

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposicións previstos na Lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro

LUGAR E DATA:

SINATURA:

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. Servizo de Ensino e Titulacións Náutico Pesqueiras.
Rúa dos Irmandiños, s/n, Salgueiriños. 15705 Santiago de Compostela

